Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 1 de un total de 8 página(s).

ANEXO III Referencia convocatoria:2026/CP/263

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ERC-2026-STG-ENACT 101301638 **Título**: ENACT- Regulatory Attenuation: local non application-erodes EU environmental objectives **Liña de investigación**: diseño xurídico e metodoloxías para o análise do ciclo de aplicación e a atenuación regulatoria deas obligacións ambientais da Unión Europea.
PERÍODO DE AXUDA: INICIO: 01/10/2026 FIN: 30/09/2031
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito, Universidade da Coruña
OBXECTO DO CONTRATO: O contrato ten por obxecto a colaboración nas tarefas de investigación do proxecto ENACT – Regulatory Attenuation: local non-application erodes EU Environmental Objectives, financiado polo European Research Council (ERC) no marco dunha Starting Grant. A persoa contratada desenvolverá unha investigación xurídica e socioxurídica dirixida a reconstruír o ciclo completo desta obriga, desde a súa formulación no Dereito da Unión Europea e o seu desenvolvemento nos niveis estatal e autonómico ata a súa concreción e aplicación polas entidades locais. A investigación prestará especial atención á organización municipal das infraestruturas e servizos necesarios para a recollida separada e aos factores xurídicos, institucionais e organizativos que poden reforzar ou debilitar a aplicación efectiva da obriga. As tarefas comprenderán a análise de lexislación, xurisprudencia, ordenanzas, contratos, plans, documentos administrativos e outras fontes relevantes; a selección e estudo de municipios; a preparación e realización de entrevistas, grupos de discusión e outras actividades de traballo de campo; e a sistematización, codificación e análise das traxectorias seguidas pola obriga en cada municipio seleccionado. A persoa contratada colaborará, así mesmo, na elaboración de informes, publicacións e demais resultados científicos do proxecto; participará en reunións, seminarios e actividades científicas de ENACT e do grupo de investigación vinculadas con esta liña; presentará resultados en congresos nacionais e internacionais; e realizará as estadías de investigación e os desprazamentos necesarios para a execución do proxecto.
LUGAR E HORARIO: De lunes a venres, de 9:00h- 14:00h y 15:00h a 17:00h
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI) Investigador/a contratado/a doctor/a ☐ Axudante de apoio a investigación ☐ Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐ Colaborador/a de investigación ☒ MECES 3 Axudante administrativo/a ☐ Técnico/a de apoio a la investigación ☐ MECES 2
XORNADA | Tempo Completo: ☒ | Tempo Parcial: ☐ | DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2027
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒ | Duración determinada ☐ DATA FIN CONTRATO: 31/12/2030
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2199,17 euros mensuales *
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.26.01.20 541A64902

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 2 de un total de 8 página(s).

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Máster ou titulación equivalente
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deberán terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **referencia da convocatoria**.
PLAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): **Titulares:** Itziar Sobrino García (Investigadora posdoutoral Xunta de Galicia, UDC), Jose Pernas García (Catedrático de Dereito Administrativo, UDC), Jennifer Sánchez González (Profesora Axudante Doutora). **Suplentes:** Javier Sanz Larruga (Catedrático de Dereito Administrativo), Carlos Amoedo Souto (Catedrático de Escola Universitaria de Dereito Administrativo, UDC), Marta García Pérez (Catedrática de Dereito Administrativo da UDC).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña. A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento atópase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento pode consultarsewww.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña octubre de 2026

INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Itziar Sobrino García

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 3 de un total de 8 página(s).

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A) TAREFAS A DESENVOLVER DURANTE A DURACIÓN DO CONTRATO

A persoa contratada desenvolverá actividades de investigación vinculadas ao proxecto ENACT dentro da liña específica indicada na convocatoria e baixo a dirección da investigadora principal. **A persoa contratada realizará, entre outras, as seguintes tarefas:**

- Revisión e análise de bibliografía científica, lexislación, xurisprudencia, documentos administrativos, instrumentos de planificación e demais fontes xurídicas e institucionais relacionadas coa liña de investigación obxecto da convocatoria.
- Identificación, recompilación, sistematización e análise comparada de fontes xurídicas e documentais correspondentes aos ordenamentos e casos incluídos no proxecto.
- Elaboración e mantemento de bases de datos xurídicas e documentais, fichas de análise e demais instrumentos necesarios para a execución da investigación.
- Colaboración no deseño, aplicación e revisión de protocolos, categorías e criterios de análise xurídica e socioxurídica empregados no proxecto.
- Desenvolvemento dunha investigación individual orixinal vinculada á liña establecida no contrato e integrada nas actividades científicas do proxecto ENACT, dirixida á elaboración dunha tese de doutoramento.
- Participación no deseño e execución do traballo de campo previsto en ENACT, incluíndo:

  a. Identificación e selección de participantes e organizacións relevantes.

  b. Preparación de guións e documentación para entrevistas, grupos de discusión e outras técnicas de investigación.

  c. Contacto con Administracións públicas, entidades, profesionais e demais participantes.

  d. Realización de entrevistas e, cando proceda, participación en grupos de discusión ou outras actividades de investigación cualitativa.

  e. Revisión de transcricións, codificación, sistematización e análise da información obtida.

  f. Cumprimento dos protocolos éticos, de protección de datos, confidencialidade e xestión da información establecidos para o proxecto.
- Participación en reunións de traballo, seminarios internos, obradoiros metodolóxicos e demais actividades de coordinación científica do proxecto.

<u>Documentación que debe presentar o solicitante:</u>

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

- Colaboración na elaboración de informes científicos, documentos de traballo, entregables e demais resultados previstos no plan de traballo de ENACT.
- Preparación, individualmente ou en colaboración con outros membros do equipo, de artigos científicos, capítulos de libro, comunicacións, informes e outros resultados derivados da investigación.
- Participación activa en congresos, xornadas, seminarios e workshops nacionais e internacionais, incluíndo a preparación e presentación de comunicacións ou relatorios relacionados cos resultados do proxecto.
- Colaboración na organización de seminarios, reunións científicas, actividades de transferencia e difusión e encontros con Administracións públicas e outros actores vinculados ao proxecto.
- Colaboración noutras actividades científicas do grupo de investigación directamente relacionadas coa liña obxecto do contrato ou cos obxectivos de ENACT, sempre que resulten compatibles coa execución prioritaria das tarefas do proxecto.
- Organización, documentación e conservación dos materiais de investigación xerados, de conformidade co plan de xestión de datos, os principios de ciencia aberta e as normas internas do proxecto.
- Realización dos desprazamentos nacionais e internacionais necesarios para o traballo de campo, as estadías de investigación, as reunións científicas e a presentación de resultados.

B) REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán estar en posesión dunha titulación universitaria oficial en Dereito e acreditar un nivel académico MECES 3 (Máster) ou equivalente. O requisito poderá cumprirse mediante unha ou varias titulacións universitarias nacionais ou estranxeiras.

Duración do contrato:

Aínda que o contrato é indefinido, prevese que a súa finalización sexa o 31/12/2030 vinculado á duración das tarefas antes indicadas.

C) MÉRITOS VALORABLES E CRITERIOS DE SELECCIÓN (máximo 100 puntos)

A valoración dos méritos atenderá ao seu contido efectivo e á súa relación substantiva coa liña específica obxecto da convocatoria e coas tarefas que deberá desenvolver a persoa contratada.

Para os efectos da presente convocatoria, considéranse **ámbitos temáticos prioritarios de ENACT**:

a) O Dereito ambiental da Unión Europea e a aplicación dos obxectivos e instrumentos vinculados ao Pacto Verde Europeo.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 4 de un total de 8 página(s).

b) A transición enerxética, as enerxías limpas ou renovables e a descarbonización, particularmente cando se estuden desde a perspectiva da regulación pública, a aplicación territorial ou a intervención das Administracións públicas.

c) A eficiencia enerxética e a renovación de edificios, incluída a aplicación da normativa europea sobre eficiencia enerxética dos edificios e a participación das autoridades nacionais, autonómicas e locais.

d) A economía circular e a prevención, planificación e xestión de residuos, especialmente no marco xurídico da Unión Europea e nos niveis estatal, autonómico e local.

e) A implementación, cumprimento e efectividade das normas ambientais europeas, a gobernanza multinivel e a actuación das Administracións autonómicas e locais.

f) O deseño, análise e avaliación de normas e instrumentos xurídicos relacionados cos anteriores ámbitos.

En particular, os méritos centrados predominantemente en hidrocarburos, petróleo e gas, industrias extractivas, minaría, propiedade ou explotación de recursos naturais, comercio enerxético, financiamento climático ou outras materias ambientais ou enerxéticas non comprendidas nos ámbitos prioritarios de ENACT non se considerarán directamente relacionados, salvo que a documentación achegada permita acreditar unha conexión substancial coa transición enerxética, as enerxías limpas, a eficiencia enerxética dos edificios, a economía circular, os residuos ou a aplicación territorial do Dereito ambiental europeo.

1. Expediente académico do Grao en Dereito (máximo 32 puntos)

Valorarase a nota media do expediente académico do título de grao ou licenciatura.

2. Formación complementaria relacionada co obxecto do contrato (máximo 20 puntos)

Valorarase especialmente a adecuación da formación de posgrao ao obxecto do contrato e á liña específica de investigación.

2.1. Máster (máximo 16 puntos)

- Estar en posesión dun máster especializado en Dereito ambiental ou nunha materia directamente relacionada coa liña específica da convocatoria: ata 16 puntos.
- Máster en Dereito administrativo, Dereito da Unión Europea ou outra materia xurídica estreitamente relacionada cos obxectivos do proxecto: ata 10 puntos.
- Máster noutras áreas do Dereito público: ata 5 puntos.

No caso de que se acrediten varios títulos de máster ou posgrao, a puntuación total deste apartado non poderá superar os 16 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 5 de un total de 8 página(s).

2.2. Cursos, seminarios e outra formación especializada (máximo 4 puntos)

Valorarase a participación acreditada en cursos, seminarios, escolas de verán, programas de especialización ou outras actividades formativas distintas das valoradas no apartado anterior, de acordo coa seguinte escala

a) Actividades directamente relacionadas coa liña específica de investigación correspondente á praza ou con algún dos ámbitos temáticos prioritarios de ENACT:

- Actividades cunha duración acreditada igual ou superior a 10 horas: **0,50 puntos por actividade.**
- Actividades cunha duración acreditada inferior a 10 horas ou en cuxa documentación non conste a súa duración: **0,25 puntos por actividade.**

b) Actividades relacionadas co Dereito administrativo, o Dereito da Unión Europea ou outras materias de Dereito público relevantes para as tarefas do proxecto:

- Actividades cunha duración acreditada igual ou superior a 10 horas: **0,25 puntos por actividade.**
- Actividades cunha duración acreditada inferior a 10 horas ou en cuxa documentación non conste a súa duración: **0,10 puntos por actividade.**

A puntuación máxima deste subapartado será de 4 puntos.

3. Coñecemento da lingua inglesa superior ao nivel mínimo esixido (máximo 8 puntos)

Valoraranse os niveis superiores acreditados conforme á seguinte escala:

- Nivel B2: 2 puntos.
- Nivel C1: 5 puntos.
- Nivel C2: 8 puntos.

Unicamente se valorará o nivel máis alto acreditado. Os niveis inferiores ao B2 non darán lugar a puntuación.

4. Experiencia ou coñecementos relacionados coas tarefas do proxecto (máximo 20 puntos)

Valorarase a experiencia investigadora inicial e outros méritos que acrediten a capacidade da persoa candidata para desenvolver as tarefas científicas previstas no proxecto.

4.1. Contratos, bolsas ou actividades de investigación ou de apoio á investigación (máximo 7 puntos)

Valoraranse os contratos, bolsas ou actividades acreditadas de investigación ou apoio á investigación:

- Cando estean directamente relacionados co Dereito ambiental ou coa liña específica da convocatoria: **7 puntos por ano completo.**

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 6 de un total de 8 página(s).

- Cando estean relacionados co Dereito administrativo, Dereito da Unión Europea ou outras ramas relevantes do Dereito público: **3,5 puntos por ano completo.**

Os períodos inferiores a un ano valoraranse proporcionalmente por **meses completos acreditados**, a razón de:

- **0,58 puntos por mes**, cando a actividade estea directamente relacionada co Dereito ambiental ou coa liña específica da convocatoria.
- **0,29 puntos por mes**, cando estea relacionada con outras materias relevantes de Dereito público.

A puntuación máxima deste subapartado será de 7 puntos.

4.2. Publicacións científicas (máximo 3 puntos)

Valoraranse as publicacións científicas xa publicadas ou formalmente aceptadas para publicación:

- Artigo en revista científica ou capítulo de libro directamente relacionado co **Dereito ambiental ou coa liña específica da convocatoria**: ata **2 puntos por publicación**.
- Artigo en revista científica ou capítulo de libro relacionado co Dereito administrativo, Dereito da Unión Europea ou outras materias relevantes de Dereito público: ata **1 punto por publicación**.

A Comisión terá en conta a natureza científica da publicación, a súa relación co obxecto do contrato e as características do medio de publicación.

A puntuación máxima deste subapartado será de 3 puntos.

4.3. Presentación de comunicacións ou relatorios en actividades científicas (máximo 3 puntos)

Valorarase a participación activa, como autor/a dunha comunicación ou relatorio, en congresos, seminarios, xornadas científicas ou workshops:

- Cando a contribución estea directamente relacionada co **Dereito ambiental ou coa liña específica da convocatoria**: ata **1,5 puntos por contribución**.
- Cando estea relacionada co Dereito administrativo, Dereito da Unión Europea ou outras materias relevantes de Dereito público: ata **0,75 puntos por contribución**.

A mera asistencia a congresos, seminarios ou xornadas non será obxecto de valoración neste subapartado, sen prexuízo de que poida ser valorada como formación cando reúna as condicións establecidas no apartado 2.2.

A puntuación máxima deste subapartado será de 3 puntos.

4.4. Experiencia profesional e prácticas en empresas ou outras entidades (máximo 7 puntos)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 7 de un total de 8 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: A7GKNLOVR8967KOOLPMF88DT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/11/2026 14:18:35 Página 8 de un total de 8 página(s).

Valorarase a experiencia profesional, laboral ou en prácticas acreditada e desenvolvida en empresas, Administracións públicas, institucións, organizacións, despachos, entidades do terceiro sector, universidades, centros de investigación ou outras entidades, sempre que as funcións desempeñadas estean relacionadas co ámbito xurídico. A experiencia valorarase de acordo coa seguinte escala:

- Experiencia profesional, relación laboral ou prácticas directamente relacionadas coa liña específica de investigación correspondente á praza ou con algún dos ámbitos temáticos prioritarios de ENACT: **7 puntos por ano completo.**
- Experiencia profesional, relación laboral ou prácticas relacionadas con outros ámbitos do Dereito: **3,5 puntos por ano completo**.

Os períodos inferiores a un ano valoraranse proporcionalmente por meses completos acreditados:

- **0,58 puntos** por mes completo de experiencia profesional ou prácticas directamente relacionadas co Dereito ambiental ou coa liña específica da convocatoria.
- **0,29 puntos** por mes completo de experiencia profesional ou prácticas relacionadas con outros ámbitos do Dereito.

O resultado final do prorrateo redondearase a dous decimais. A puntuación máxima deste subapartado **será de 7 puntos.**

5. Entrevista persoal (máximo 20 puntos)

As **tres persoas candidatas que obteñan a maior puntuación nos apartados anteriores serán convocadas a unha entrevista pola Comisión de Selección**. En caso de empate na terceira posición, serán convocadas todas as persoas candidatas empatadas. **A entrevista desenvolverase maioritariamente en lingua inglesa** e terá por obxecto valorar as súas propostas metodolóxicas de colaboración co proxecto, a capacidade de expresión, o seu modo de desenvolverse, a contribución das súas liñas de investigación aos obxectivos do proxecto e os termos da súa proposta de colaboración e as implicacións para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

O CV da persoa candidata presentarase en galego, español ou inglés e terá unha extensión máxima de 4 páxinas. Recoméndase utilizar o modelo normalizado dispoñible na web da Axencia Estatal de Investigación ou o que se xera automaticamente desde a aplicación «Curriculum vitae» normalizado dispoñible na páxina web da FECYT, utilizando a opción de xeración de currículo abreviado**.**

O proceso de selección xenerará unha listaxe de agarda que se poderá utilizar en caso de desestimento ou renuncia do aspirante escollido. Para formar parte desta listaxe deberá obter unha puntuación mínima de 50 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia del documento de identidad.
2. Fotocopia de la titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumplen los requisitos de la convocatoria.
5. Declaración responsable de veracidade de los datos que se hacen constar en la solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*